

EN IGUALDADE NIN UN PASO ATRÁS

8 de marzo 2012
DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

Unidades Didácticas 8 de marzo

Foto de Katrina Cole



STES
INTER SINDICAL
Organización de Mujeres

educación secundaria



1

Mulleres que tocaron o Ceo.

Mira o noso almanaque didáctico 2012

"Tempo de mulleres, mulleres no tempo. Mulleres que tocaron o ceo" en <http://www.steg-sindicato.org/muller/contidos.asp?cid=18&ssid=90> nel pódense atopar o

nome de 12 mulleres que dunha forma ou outra romperon coa imaxe da muller, converténdose en aventureiras e pioneiras de actividades tradicionalmente propias dos homes.

- Elixes unha delas e busca en internet algo máis sobre a súa biografía, logo fai algo parecido ao que nós propoñemos no almanaque, unha montaxe fotográfica, un debuxo cunha pequena reflexión sobre o labor desta muller elixida.

- Formar na aula 12 grupos para que se busquen mulleres destacadas nunha temática elixida de forma común por toda a clase, co fin de elaborar o propio almanaque de aula similar ao que propoñemos nós.



2

Mulleres pioneiras

Ao longo da historia relegouse ás mulleres a un segundo plano, foron esquecidas ou excluídas do lugar que lles corresponde por dereito propio. As mulleres tiveron que loitar máis forte e máis tempo para atopar o seu lugar, pero a pesar das trabas sempre houbo mulleres que demostraron que podemos e que debemos estar aí. Con esta actividade pretendemos facer unha homenaxe a aquelas mulleres que coa súa loita conseguiron facilitarnos o camiño ás xeracións posteriores.

a) Investiga o termo pioneira.

Que significa o termo pioneira?, coñeces algunha muller pioneiras no teu ámbito?, cres que na túa familia hai mulleres pioneiras?.

<http://www.samuelg.com/lilit.html>

b) A continuación veremos algún vídeo sobre mulleres pioneiras para logo realizar un debate dirixido con preguntas do tipo: As pioneiras achegaron algo á sociedade? Supuxeron un avance na loita das mulleres? Cres que a súa loita serviu para algo?.

<http://www.rtve.es/alacarta/videos/te-acuerdas/acuerdas-mujeres-pioneras/441737/>

http://www.youtube.com/watch?v=uvYifjWxkwU&feature=results_video&playnext=1&list=PL84CE8D8E104A00CA

<http://www.youtube.com/watch?v=m4hs5nUPoS&feature=related>

c) Investiga mulleres pioneiras da túa cidade, localidade, provincia e comunidade.

Onde naceron? Que fixeron? Que conseguiron? Teñen algún tipo de recoñecemento polo que realizaron?.



3

Voto feminino

O 1 de outubro de 1931 o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, por 161 votos fronte a 121, o artigo 36 da Constitución da II República Española que recoñecía o dereito das mulleres ao voto, que se ratificou o 1 de decembro nunha votación aínda máis axustada: 131 votos a favor (o 28%) fronte a 127 (27%), estando ausentes o 45% dos deputados.

- Sabes dende cando votamos as mulleres?
- Que significa poder votar?
- Por que podían votar os homes e as mulleres non? Paréceche xusto?
- Investiga que mulleres defenderon o sufraxio universal no Pleno do Congreso onde foi aprobado.

Reflexionar en grupo sobre a importancia de considerármonos persoas, iguais, independentemente do sexo.

Realizar unha investigación sobre o tema e elaborar unha exposición dos textos de Victoria Kent e Clara Campoamor.



Clara Campoamor



Foto: <http://raquelmorata.blogspot.com>

4 As mulleres na política

O alumnado, organizado en grupos, buscará mulleres políticas da comunidade, zona, concello....
achegando información sobre a súa vida e percorrido profesional.

Intentar realizar unha entrevista a algunha destas mulleres.

Realizar unha exposición oral ou en mural, con toda esta información.

Posibles preguntas para orientar a busca e/ou entrevista:

- Cales foron os seus referentes da infancia e escola?
- Por que decidiron dedicarse a esa profesión?
- Cales son as dificultades para conciliar a súa vida persoal, familiar e profesional?
- Que é o que máis lle gusta do seu traballo? E o que menos?
- Notou algún tipo de trato diferente no seu traballo por ser muller?.



5 Que fago co meu tempo?

Cada alumno/a debe escribir as cousas que fai nun día común de clase e un día da fin de semana.

Fórmase grupos e comparan a distribución do seu tempo. Despois terán que facer unha comparación da distribución do tempo entre as rapazas e os rapaces.

Cada grupo expoñerá os resultados do seu traballo.

Unha vez coñecidos os resultados de cada grupo, reflexionar e discutir sobre as diferenzas encontradas entre o uso do tempo, sempre dende a perspectiva de xénero: repartición dos labores do fogar entre as e os integrantes, coidados de maiores, de irmáns/ás,...

Reflexion ante a imaxe

Repartir o cuestionario seguinte entre o alumnado e que o contesten individualmente.

Observa con atención as dúas imaxes:

Pasaron moitos anos e moitos acontecementos entre as dúas.

Cando **Vermeer** (1632 -1675) pintou a muller do cadro titulado "A leiteira", o papel das mulleres estaba condicionado ao ámbito privado. As mulleres traballaban dentro do fogar e era impensable realizar os traballos dirixidos aos homes.

Reflexiona: - Por qué pensas que os mulleres agora poden ser futbolistas e antes non?. - Téñeno doado as nenas e as mozas se queren ser futbolistas? Por qué?. - Coñeces algunha muller durante os séculos pasados que defendese o dereito de todas as mulleres á igualdade cos homes?. - Cres que os dereitos que adquiriron as mulleres durante estes séculos durarán por sempre xamais?.



7 Paseando polas rúas

Busca na guía da túa cidade o nome de rúas dedicado a mulleres e a continuación investiga a súa vida e as súas achegas para que se lle dedícase unha rúa.

Contesta ás seguintes preguntas:

Hai moitas rúas dedicadas a mulleres?

Hai mulleres que merezan o nome dunha rúa, praza ou parque da túa cidade?

En comparación coas rúas dedicadas a homes cres que hai mulleres que merecen unha rúa polos mesmos méritos que as rúas que se dedicaron a homes?

Cres que hai mulleres que fixeron importantes achegas á ciencia, sociedade, cultura, política... e que merecen unha rúa?

Hai mulleres que merecen un recoñecemento, por iso entre todos e todas faremos un manifesto para facer pública a nosa petición ao Concello para que se dediquen máis rúas a mulleres para visibilizalas e que se recoñezan as súas achegas á sociedade.



8 Imos pintar!!


Imos traballar con pintoras españolas, non só os homes foron pintores, se tedes que nomear algún pintor, seguro que algún vos soa, pero se vos mandamos citar algunha pintora é moi probable que non saibades o nome de ningunha. Por iso durante unhas cantas sesións ímonos dedicar a ver e recoñecer obras de pintoras españolas. Cada día visionaremos obras dunha das artistas seleccionadas:

MARUJA MALLO (1902-1995), <http://www.foroxerbar.com/viewtopic.php?t=9747>, nesta páxina hai varias obras da artista, mostráremoslles e falarémoslles da vida da artista, para finalizar farán unha actividade. Pintarán o cadro titulado "Natureza viva" segundo o modelo, aínda que poden variar as cores!!!



MONSERRAT GUDIOL. (1934- ...)
<http://www.foroxerbar.com/viewtopic.php?t=10549>

Faremos o mesmo que con Maruja Mallo, explicaremos un pouco da súa vida e obra, mostráremoslles obras da artista e para finalizar realizarán unha actividade: Cada cal transformará o cadro titulado "Muller en vermello" na cor que máis lles guste como antes.



ANGELES SANTOS (1911-1935)
<http://www.foroxerbar.com/viewtopic.php?t=11527>

Seguiremos o mesmo método que coas autoras anteriores, pero esta vez ímoslles pedir que busquen o nome doutro pintor da mesma época e estilo e que sinceramente expliquen sobre cal atoparon máis información.

MARÍA BLANCHARD (1881-1932)
<http://www.foroxerbar.com/viewtopic.php?t=10456>

Actividade: Cada quen que complete o debuxo como máis lle guste.



9

Cando as palabras teñen tanto valor coma a imaxe

A lin-
guaxe é
unha das
formas de visibilizar
tamén as mulleres, aín-
da que algunhas per-
soas consideren que é
correcto usar o xenérico
masculino o certo é que
esta práctica invisibiliza
ás mulleres na socieda-
de, mesmo hai textos
escritos por mulleres que
utilizan o masculino para
referirse aos seus propios
actos, por exemplo “un
pensa que...” “un obser-
va que...” **Propoñémos-
vos o seguinte exercicio a
partir destes dous textos
xornalísticos:**

a) Máis da cuarta parte dos cidadáns se atopaba en risco de pobreza e exclusión social no ano 2010, cando se incrementou nun millón de persoas o número de cidadáns nesta situación respecto do ano anterior, segundo un estudo elaborado pola Rede Europea contra a Pobreza (EAPN) e dado a coñecer pola súa filial en Madrid.

A Rede utiliza o indicador europeo AROPE (segundo o risco de Pobreza ou Exclusión, polas súas siglas en inglés) para medir o grao de pobreza e exclusión en España. Conclúe que en 2010, máis de 11,5 millóns de persoas no estado español, un 25,5% da poboación, se atopaban nesta situación fronte aos 10,6 millóns identificados no ano 2009.

El Mundo, dixital luns 30 xaneiro 2012

Redacta esta noticia substituíndo os termos en masculino por outros termos que inclúan tamén as mulleres.



b) Banjul, capital de Gambia, era un dos destinos máis remotos aos que chegaba Spanair e alí atopáronse a tarde do sábado pasado máis de 150 pasaxeiros, alleos ao que pasaba coa compañía aérea. Despois dalgunhas horas de incerteza, recibiron a noticia de que un avión especial de Vueling prestaba de xeito extraordinario o servizo entre Barcelona e Gambia, tanto de ida coma de regreso.

Ainda que inicialmente debían ter saído á unha da madrugada do domingo, o avión non despegou ata tres horas despois. “Primeiro fixemos unha cola civilizada, pero cando abriron as portas aquilo converteuse na guerra, todos querían

entrar no avión e coller calquera asento”, explicaba onte o valenciano Nando Santonja, xa no aeroporto de El Prat. El foi un dos poucos turistas nun voo cheo de gambianos que viven en España. Para eles e para un segundo voo que chegou pola tarde dende Bamako, a aventura finalizou en Barcelona..

Público, edición dixital luns 30 xaneiro 2012

Modifica o texto e pon en feminino (agás as declaracións do pasaxeiro que se inclúen).

Unha vez convertidos ambos os textos, debater sobre as impresións de visibilización dun e outro sexo que sentiu o alumnado.

10 Protagonistas

Imos dividir a clase en tantos grupos de 4 persoas como po-
damos, e pedímoslles que elixan
catro novelas da biblioteca (unha
por cada persoa do grupo), terán
que ver quen é o ou a protago-
nista da novela...logo faise unha
pequena estatística sobre os pro-
tagonistas do maior número de
novelas existentes na biblioteca
do centro: homes ou mulleres?,
unha vez que se puxeron en común
os datos, claro está. Invitámoslos a
investigar sobre novelas protago-
nizadas por mulleres e solicitalas
ao centro para que formen parte
da biblioteca.



el clarión